

Epílogo

Manuel María: combate contra o silencio

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

Falamos de MANUEL MARÍA (Outeiro de Rei, Lugo, 1929-A Coruña, 2004) é falamos da personalidade literaria de noso máis prolífica e socialmente relevante da segunda metade do século XX na Galiza. Decenas de libros publicados (nomeadamente, poesía, súa grande vocación, mais, tamén, narrativa, teatro, prosa ensaística, ensaio, literatura infantil, crítica literaria...); centos e centos de artigos de prensa, ducias de pregóns de festas, poemas musicados e gravados, centos de conferencias e de recitais... dan fe documentada dunha vida dedicada intensamente ao engrandecemento do idioma nacional, da súa literatura, da popularización e prestixio da súa cultura. Mesmamente acabamos de nomear dúas necesidades vitais da lingua e da cultura galegas: popularizar e prestixiar todo o historicamente producido, tan precisado de coñecemento e de aprezo, e difundir todo o que na nosa contemporaneidade se cría dentro do universo galego.

Lembraremos como, en tempos de grande menesterosidade, o noso escritor contraveu enerxicamente aquela práctica do xardineiro iluso que, perante a súa árbore moribunda, no canto de regala e de alimentala, para lle procurar a vida, dedicábase a lle pintar as follas murchas de verde... Manuel María, pioneiro e construtor principal da literatura galega, após a guerra civil, alimentou a planta desde abaixo, nun teimoso combate contra o silencio e o ocultamento de nós, da nosa personalidade colectiva, das nosas criacións, da nosa cultura, do noso idioma. Por iso, escribeu: “Compre

loitar contra o silencio;/é preciso, urxente e necesario/rematar co silencio dunha vez,/ recobrar as palabras unha a unha,/facer con elas proclamas e cancións,/primaveiras de soños e de esperanzas,/coiteladas de luz,/voz verdadeira/que obrigue a camiñar á nosa patria”.

Tendo recollido o mellor da tradición literaria e patriótica galega (Rosalía de Castro, Castelao, Otero Pedraio...), el propio se converteu no principal animador sociocultural da nosa nación. Inaugura, no limiar da década dos cincuenta do século XX, a nova literatura galega, dolorosamente frustrada desde 1939, e, a partir deste inicio precoz, con apenas 20 anos de idade, axiña se vincula ao movemento nacionalista e a toda a actividade de dignificación e divulgación da cultura galega. É o autor máis lido, máis coñecido, máis traducido e máis agarimado polo público da literatura galega actual. A súa inxente obra, as súas palabras, seguen deitando luz verdadeira para iluminaren todo o traballo, todo o camiño que, como galegos, aínda fica por percorrer. Así, lembraremos con el: “Se o idioma se perde, perdemos Galiza e empobrecemos o mundo”. Con efecto, hoxe, queremos ser nós e ollar, autonomamente, o mundo desde nós.

Lembramos un escritor de estatura literaria, patriótica e humana tan grande como o amor e a entrega que ofreceu ao noso país. Lembramos o mestre que multiplicou o seu maxisterio por todos os lugares da Galiza. Lembramos un espléndido embaixador da Galiza por tantas partes do mundo. Recordamos o humanista que coñecía a nación tan íntima e profundamente como só se poden coñecer a voz, a pel e os xestos da persoa que se ama. Orgullámonos, en fin, dun compatriota que nos vincula, con vencellos tan fortes como necesarios, á nosa identidade colectiva, tan precisada de espellos realistas e non de caricaturas. “Nós, de verdade, unicamente temos/a palabra. Só a palabra verdadeira/pode traducir a pechada/e insondable soidade do noso ser./Só a nosa palabra, a propia,/a que pertence á nosa lingua./A que amamos. A que usa,/coñece e recoñece a nosa xente”. Tal escribeu Manuel María e por tal verdade seguimos loitando, cando nen temos garantido ensino en galego para os nosos fillos, nen meios de comunicación á altura da modernidade para o galego que pede o século XXI nen poderes públicos que cumpran a legalidade e normalicen o idioma de que, entre outras cousas, viven...

En recente semblanza de Manuel María, o escritor Xoán Carlos Garrido Couceiro (revista *Terra e Tempo*, Novembro 2004) evoca, moi xustamente, a seguinte definición do escritor francés René Char: “O poema xorde dunha imposición subxectiva e dunha selección obxectiva. O poema é unha asemblea en movemento de valores orixinais determinantes, en relacións contemporáneas con alguén a quen esta circunstancia fai primeiro”. Toda a obra de Manuel María nace, efectivamente, dunha afortunada conxunción da presión da realidade galega exterior e dun mandato sentimental e intelectual por representala e representarse. Sempre, por isto, seguirá viva e vixente para todos nós.